

DEFENDER O SECTOR NAVAL CUNHA LOITA UNIFICADA E DE CLASE

Aínda que Almunia diga que a devolución do tax lease non correría a cargo dos estaleiros, é obvio que repercutiría neles.

A situación do sector naval

As dúas patas do sector naval do Estado español (os estaleiros civís privados e a empresa pública de construción naval militar Navantia) arrastran problemas dende fai tempo, pero o anuncio de Almunia dun fallo contra o tax lease puxo en primeiro plano a necesidade urxente de loitar polo futuro do sector. Esta loita necesita dous requisitos: ser unificada e ser de clase.

Fai falta un plan unificado de mobilizacións a nivel estatal que inclúa unha gran manifestación de todo o sector en Madrid, tanto civil como militar.

Non pode repetirse o de xuño, cando os sindicatos anunciaron a folga do día 20 nos estaleiros civís xusto o día seguinte da folga xeral comarcal en Ferrol do día 12 (motivada fundamentalmente pola situación das factorías de Navantia na ría), desperdiciando así unha primeira oportunidade de facer confluír todo o sector. As mobilizacións do 4 e 11 de xullo representan, neste sentido, un paso adiante, pero é obvio que aínda queda moito por facer para acabar cos enfoques estreitos e localistas, incluídos os de moitos dirixentes sindicais.

Os inimigos dos nosos inimigos non son os nosos amigos

Pero na loita polas nosas reivindicacións non só temos en fronte á Unión Europea, tamén aos empresarios españois e ao goberno do PP, embarcados nunha guerra contra os traballadores.

Claro que a resolución sobre o tax lease ameaza o futuro do sector naval, pero tamén o ameazan as privatizacións (que en todos os casos supuxeron a degradación das condicións laborais e, nalgúns, o peche das factorías aos poucos anos, como Unión Naval de Levante ou Astilleros Españoles de Sevilla) e os propios donos dos estaleiros.

Van defender o futuro do sector naval directivos de estaleiros privados que eran directivos neses mesmos estaleiros cando eran públicos e que utilizaron a súa posición para favorecer intereses particulares, empezando polos seus, como na Naval de Sestao?

Van defender o futuro do sector naval directivos e institucións que propiciaron peches para dar pelotazos urbanísticos, como en Naval Xixón?

Van defender o futuro do sector naval directivos como os do estaleiro vigués Barreras, que se embolsaron preto de 900.000 euros en 2011 e algúns dos cales están acusados pola xustiza de graves irregularidades contables que presuntamente provocaron un concurso de acredores ese mesmo ano? Van defender ese futuro os que teñen un acordo para venderlle o 51% de Barreras á petroleira mexicana PEMEX, que xa dixo que a súa intención é acabar trasladando a produción a México? Vai defendelo o presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo, que orquestrou esta deslocalización e que leva meses enganando co tema dos floteis?

Vai defender o futuro do sector naval o goberno do PP, que si puidese privatizaría todos os estaleiros que aínda son públicos e cuxa política económica está afundindo a industria deste país?

Por unha loita de clase

Non, defender o sector naval non significa o mesmo para todos. Para os empresarios e a dereita, defender o sector naval significa defender un mecanismo (o tax lease) que os beneficia a eles, pero non aos auténticos construtores dos barcos, que somos os traballadores, que sufrimos precariedade, recortes salariais, abusos patronais de todo tipo, despedimentos, etc. O tax lease está deseñado para que os empresarios obteñan beneficios a costa dos contribuíntes. Por iso empresas como Mango, O Corte Inglés ou Inditex entraron no negocio naval a través das Agrupacións

de Interese Económico (por exemplo, Inditex desgravou en 2010 medio millón de euros).

A loita dos traballadores ten que ser de clase, polas nosas propias reivindicacións, que no fondo son as mesmas para todos: un emprego estable e un futuro digno.

Isto é aplicable aos traballadores de todo o sector naval e aos do resto de sectores. Por iso a unificación do sector naval entorno a un programa reivindicativo de clase e unha mobilización independente ten que servir tamén para contribuír a unir todos os conflitos laborais nun único movemento xeral de loita da clase obreira, co obxectivo de acabar cos recortes e impedir que nos fagan pagar aos traballadores a crise do capitalismo. A organizar isto é ao que se teñen que dedicar os dirixentes sindicais, non a impulsar fronte comúns con empresarios e goberno, nin a suplicarlles que volvan ao mal chamado “diálogo social”.

Os traballadores necesitamos independencia política

Non podemos aceptar o discurso ideolóxico da dereita e a patronal, cuxa idea central é que hai que axudar aos empresarios para que lles vaia ben e así creen emprego.

Non, os empresarios non están creando emprego, senón destruíndoo masivamente. Non son parte da solución, son parte do problema. O seu único interese é saquear o diñeiro público, que é o diñeiro dos asalariados porque somos os únicos que pagamos impostos. O obxectivo de todos os recortes que estamos sufrindo é precisamente transferir inxentes cantidades de diñeiro dos petos dos traballadores aos petos dos empresarios.

A dereita e a patronal despotrican continuamente contra todo o público, piden continuamente privatizalo todo argumentando que o Estado non debe intervir en economía. Pero isto é unha gran

mentira. Queren que o Estado interveña en economía, pero exclusivamente en beneficio deles.

Que están facendo todas as empresas? PEDIR SUBVENCIONS PÚBLICAS. Pero si as empresas necesitan axuda do Estado, isto significa que a iniciativa privada non funciona.

Si unha empresa necesita diñeiro público, o que hai que facer é expropiala para convertela en pública e para darlles participación aos traballadores na súa xestión. Darlle diñeiro aos mesmos que son culpables de levar unha empresa á ruína non serve para salvar a empresa, só para garantir beneficios a costa de todos e para que a empresa acabe por pechar igualmente, como a experiencia demostra repetidamente.

Os traballadores non podemos ser monicreques dos empresarios nin do PP para seguir afondando en políticas que nos prexudican e que agravan a crise. Hai que poñer punto final á privatización dos beneficios e a socialización das perdas. Non podemos aceptar a chantaxe de que hai que darlle diñeiro público ás empresas coa escusa de salvar os empregos.

En toda esta situación hai un problema de fondo, e é o propio capitalismo. A clase obreira só atopará unha solución definitiva aos nosos problemas acabando con este sistema, acabando coa propiedade privada dos medios de produción, acabando co control da economía por parte dunha minoría de parasitos que viven da explotación dos traballadores, aos que só preocupan os seus privilexios e que para defendelos están dispostos a levarnos a unha escravitude capitalista propia do século XIX, cando o único dereito dos traballadores era o dereito a calar. Os traballadores non temos nada en común cos empresarios. Necesitamos pensar nos nosos propios intereses de clase e organizarnos para loitar por un programa socialista de transformación da sociedade.

¡POR UNHA FOLGA XERAL DE 24 HORAS E UNHA MANIFESTACIÓN EN MADRID DE TODO O SECTOR NAVAL!

¡SI Á UNIDADE DE CLASE, NON Á FRENTE COMÚN COS EMPRESARIOS E A DEREITA!

¡Organízate para loitar, únete á corrente marxista El Militante!

Asturias: 985.55.09.33 Bilbao: 656.714.818 Cádiz: 678.940.435 Ferrol: 626.746.950
Gipuzkoa: 625.707.798 Vigo: 636.217.248